

“Mais en tanto non coñezamos ao home natural, en vano poderemos determinar a lei que recibiu ou a que mellor lle convén a súa constitución. Todo o que podemos ver moi claramente con respecto a esa lei é que, para que sexa lei, cómpre que a vontade de aquel a quen obriga poda sometérselle con coñecemento, e que para que sexa natural é preciso que fale inmediatamente por medio da voz da natureza. Deixando, pois, de lado todos os libros científicos que non nos ensinan máis que a ver aos homes tal e como se fixeron a si mesmos, e meditando sobre as primeiras e as máis simples operacións da alma humana, creo percibir nesta dous principios, un dos cales interésanos vivamente no noso benestar e na propia conservación, e o outro inspíranos una repugnancia natural a ver perecer ou sufrir a todo ser sensible e principalmente aos nosos semellantes. Do concurso e combinación que o noso espírito é capaz de facer destes dous principios paréceme que derivan todas as regras do Dereito natural, sen que sexa necesario facer entrar aí o da sociabilidade, regras que a razón vese logo forzada a restablecer sobre outros fundamentos cando por sucesivos desenrols chegou a afogar a natureza.

Desta maneira, xa non se está obrigado a facer dun home un filósofo antes de facelo un home; os seus deberes para co próximo non lle son únicamente ditados polas tardías leccións da sabiduría; e en tanto non opoñan resistencia ao íntimo impulso de conmiseración, endexamais fará dano a outro home, nin siquiera a ningún ser sensible, agás no caso lexítimo no que, encontrándose interesada a súa propia conservación, está obrigado a darse preferencia a si mesmo.”

Discurso sobre a orixe e os fundamentos da desigualdade entre os homes.

Jean-Jacques Rousseau

Cuestións texto:

1. O texto fala do home natural. Caracteriza o estado de natureza en Rousseau. O home é social por natureza, segundo este filósofo? En que frase do texto te poderías apoiar para ratificar a túa resposta.
2. Seguindo o texto, cales son as dúas paixóns naturais do home? Recolle unha cita do texto e trata de explicala coas túas palabras. Cal destes sentimentos naturais non formaría parte da natureza humana, segundo Hobbes? Por que? En que aspectos coincidirían as descripcións do home que vive no estado de natureza de Hobbes e Rousseau?